

# Sintomatoloxía e curación de enfermidades tradicionais nas Mariñas Coruñesas (II)

LOIS VILAR HERMIDAS\*

## Sumario

Seguimos neste capítulo recollendo nos concellos de A Coruña e limítrofes os antigos métodos usados para a curación de enfermidades. Neste caso centrámonos principalmente nas enfermidades da pel e as causadas polo sol.

## Abstract

In this chapter we continue gathering ancient methods used for curing illnesses in the area around La Coruña. In this case we concentrate mainly on skin diseases and those caused by the sun.

AS QUEIMADURAS. Cortar o lume.

Eran frecuentes debido á exposición ao sol nos días de longo traballo agrícola ou, sobre todo aos quefaceres domésticos ou non domésticos nos que interviña directa ou indirectamente o lume.

Se as queimaduras eran de pouca intensidade combatíanse con remedios sinxelos, así por exemplo era moi típico achegar a parte afectada ao lume aguantando a calor o maior tempo posíbel. Unha vez retirada, a dor ía mermando até deixar de doer. Tamén se recurría a botarlles auga fría.

Era moi natural tamén recurrir a certas plantas que, ou ben se colocaban directamente sobre a queimadura, ou ben se facía unha pomada con elas. As máis utilizadas eran as follas de labaza (*Rumex pulcher*), as de cebolo ou as follas de fabón (antes moi cultivadas na nosa terra para consumo en caldo ou en crudo, tamén se coñecían co nome de faballóns). A pomada conseguíase picando ou fervendo estas herbas e engadíndolle despois graxa de porco. Logo podía envolverse nun trapo ou aplicarse directamente.

Tamén era bo aplicar directamente sobre a pel unto ou mel.

Outra cousa que aliviaba moito a dor era botarlle zurro que, como sabemos, era a mistura dos excrementos e mexos do gando co toxo ou palla con que se estraban as cortes. Ese zurro era moi utilizado para abono das leiras.

Usábase asimesmo como remedio aceite de oliva, que se extendía cunha pluma de galiña. Este aceite de oliva podía tamén extenderse sobre unha berza e poñelo sobre a zona queimada.

A auga de certas fontes, como a Fonte Mineral de Cabrois en Carral, tiña o mesmo efecto terapéutico.

---

\*Lois Vilar Hermidas, reporteiro gráfico, é autor de varios libros de tema histórico e etnolóxico relacionados co concello de Carral. Así mesmo, publicou artigos sobre toponimia (Sueiro, Culleredo) e aspectos culturais diversos do Monte Xalo. A nivel ecolóxico escribiu outros artigos, ademais de guións para a TVG.



*Labaza (Rumex pulcher).*

A auga de neve era un remedio moi eficaz e moi usado en tempos dos nosos avós. Había que coller a neve, sobre todo a da primeira nevada (hai que recoñecer que nestas comarcas por nós estudadas nevaba moi poucas veces) e gardala nun tarro nun lugar seco e escuro para cando fose necesario. Algúns falannos de que valían tamén as saraibas. Moitos usábanas sen máis artiluxio, pero a verdadeira auga de neve era a que engadía nun tarro a esa primeira neve, xabrón virxe, que se raspaba sobre ela, e un pouco de aceite de oliva. Logo tamén había que extendela sobre a queimadura cunha pluma de galiña.

Pero cando a queimadura era grave había que recurrir ao curandeiro. Mentres que algúns dominaban moitas especialidades da medicina tradicional, outros só eran especialistas na curación desta doenza. A súa función era, como se dicía, «*cortar o lume*» ou «*abenzoar o lume*».

O problema do lume non era só a dor que afectaba á parte queimada, senón que se ía extendendo cara ao interior do corpo, cachando, labrando e producindo intensísimas dores que podían levar á morte.

As técnicas do curandeiro podían ser diferentes, aínda que o esqueleto principal do rito era o mesmo. Xunto ao curandeiro había que ir *nove días e un sen contar* pola noite e, como na curación de todas as enfermidades, ir en silencio só ou acompañado e volver por distinto camiño. O enfermo sentábase ao lado da lareira onde ardía o lume, o curandeiro collía un tizón e un cacho de pan e mollaba as dúas cousas en auga. Outros cambaaban o pan por un número impar de grans de trigo, polo xeral tres, e algúns usaban fabas en vez de pan. Outros usaban simplemente un coitelo mollado e había quen queimaba nove toxos na lareira mollándoos máis tarde.

Logo o procedemento era o mesmo. Había que facer nove cruces e unha sen contar sobre a queimadura. As cruces facíanse cos tizóns e o pan ou grans de trigo, fabas, tizóns de toxo ou coitelo (que se poñía de lado) mollados. Ao mesmo tempo recitábase o ensalmo característico.

Recollemos nesta comarca tres ensalmos diferentes.

Na zona próxima a Cerceda recitábase:

*O pan mata a fame  
o viño mata a sede  
a auga mata o lume  
lume non caves nin andes  
polo poder de Dios e da Virxe María  
un Padre Nuestro e un Ave María.*

Nas zonas de Carral e Abegondo recitábase:

*O lume queima  
o pan mata a fame  
a auga mata a sede  
así como estas tres cousas son verdades  
lume non andes nin caves  
polo poder de Dios e da Virxe María  
un Padre Nuestro e un Ave María.*

En Culleredo din:

*O lume non é frío  
a auga non é sede  
o pan non é fame  
Lume, non caves nin labres  
polo poder de Dios e da Virxe María  
un Padre Nuestro e un Ave María.*

Como vemos, todos os esforzos están en coidar que o lume non cave nin labre nin ande, é dicir, que non se extenda ao resto do corpo.

Finalmente os cachos de pan, fabas, grans de trigo e tizón botábanse ao lume.

Ao cabo deses *nove días e un sen contar* o enfermo quedaría curado.

Unha característica importante do curandeiro era que, para ter o poder de cortar o lume, tiña que xexuar o día de San Lourenzo, é dicir, o 10 de Agosto.

Esto lévanos a diversas consideracións, mostrándonos a pervivencia de ritos anteriores ao cristianismo.

O lume era sagrado, era un ser vivo cambiante que merecía o máximo de respecto dos nosos avós. Non se podía cuspir nel, tratalo mal, nin incluso facer carantoñas entre os membros da casa cando el estaba presente. Cando o lume se apagaba dicíase que morría o lume. O lume era, por así decir, un representante do sol na terra. A adoración ao sol, anterior ao cristianismo, implicaba tamén o respecto ao lume.

O sol, segundo os nosos paisanos, chamábase Lourenzo, incluso hai unha cantiga moi coñecida que empeza así: «*O sol chámase Lourenzo e a lúa Catalina*».

A relixión cristiá tentou rematar con estes ritos pagáns, pero moitas veces, ao non podelo conseguir, mantenos facendo que o que antes era unha adoración a un deus anterior sexa agora adoración ao seu único deus ou, no seu defecto, a algunha das súas virxes ou dos seus santos. Neste caso escolle a San Lourenzo, que según a tradición cristiá foi martirizado queimando no lume dunha parrilla. Segundo as lendas do povo foi

queimado ademáis con cascas de ovo e por iso é pecado moi grave botar as cascas de ovo no lume. Tamén o que corta o lume ten que xexuar o día deste santo como mostra de respecto.

Tamén vemos a interacción entre cultura cristiá e cultura pagá nos ensalmos xa que, se o ensalmo é por si pagan, engádese ao final o rezo dun Pai Noso e un Ave María para darlle carácter cristián.

Noutro tipo de consideracións vemos que no proceso de abenzoar o lume interveñen varios elementos sagrados. Cando decimos sagrados non só nos referimos aos que utiliza a igrexa, senón tamén aqueles que tiñan ese carácter para os nosos paisanos e que proviñan das relixións antigas.

Así temos a auga, quizais o elemento máis presente na curación de tantas enfermidades. Auga xeralmente de fontes que non secan ou de ríos que corren (as augas apozadas son malas para a saúde e para a ánima según os nosos paisanos). Auga que logo o cristianismo substituiu pola auga bieita.

Tamén temos o propio poder do lume, ben coa súa presenza natural, ben en forma de tizóns, utilizados na curación de outras enfermidades, ou ben como fume, sobre todo o das herbas de San Xoan. Hai que dicir que o lume tamén tiña poderes para alonxar catástrofes, tronadas, etc...

Tamén temos outro elemento sagrado como o pan, vemos asimesmo que as cousas que teñen contacto ou forman parte deste elemento adquiren as súas propiedades, dentro delas as curativas. Así, neste caso, pode ser substituído polos grans de trigo na curación de varias enfermidades, pola pá do forno, como vimos no caso da sombra, polo ferrado, no que se media a capacidade do trigo (na sombra ás veces o neno metíase no forno atado á pá, pero outras veces poñíase o ferrado sobre a pá e metíase nel ao neno), polo mesmo forno no que se coce o pan ou pola artesa onde se amasa que se utilizaba para curar sombra, tirizoles, raquitismo, etc.

Finalmente deixádeme engadir que, no caso da sombra, estudado no capítulo anterior, metíase ao neno no forno mentres se cocían dous bolos de pan que irían comendo as amizades da familia do neno que viñan visítalo á casa.

#### A ROSA. O MAL DA ROSA

Era unha enfermidade da pel que afectaba ás persoas ou ao gando que estaban moito tempo ao sol. A pel das partes do corpo expostas (cara, colo, brazos) descamábase, producindo unha decoloración intensa, o que facía que aparecesen manchas branquecinas. Segundo os paisanos, primeiro aparecía un punto máis branco e logo ía aumentando. Ademáis, a lingua poñíase bermella e gretábase, aparecendo ao mesmo tempo diarreas e alteracións nerviosas.

Según os médicos, a *rosa* prodúcese por falta de vitamina PP (nicotixamida) na alimentación.

Nos animais, ademáis das manchas que se producían sobre todo no lombo, tamén saían uns grans rubios que formaban unha costra. Nos porcós as manchas da pel adoitaban ser coloradas.

Para curar a *rosa* nas persoas había que recurrir a determinadas fontes, por exemplo unha delas é a do Bagueixo, en Gosende (Tabeaio), onde se dí que naceu San Bieito. Tamén se ía á fonte de Santa Mariña na Igrexa de Veira.

Pero a máis importante é a fonte de Santa Rosa, situada en Quembre, perto do Pazo de Esperante, ao lado da cal estaba a desaparecida capela de San Boaventura. Situada no



*Figueira (Ficus carica).*

medio dos prados, antes era de canteiría e tiña cano, hoxe é só unha mina de auga case tamén desaparecida. A xente afectada ía alí antes de raiar o sol, mollaba un trapo na fonte e pasabao *nove veces e unha sen contar*, recitando o ensalmo que veremos despois, pola parte afectada. Logo deixaba os trapos sobre o prado e botaba na fonte algunhas moedas, sempre en número impar, en agradecemento pola curación. Por certo, estas moedas eran recollidas polos picariños lavándoas na mesma fonte para evitar contaxiarse desta enfermidade.

Durante o tempo que duraba a curación, o enfermo non podía andar ao sol nen darlle a claridade.

Outra forma xa máis dentro da tradición era o proceso de *abenzoar a rosa*. Para elo había que ir unha noite de lúa chea a unha encrucillada. O curandeiro levaba un pao de figueira que queimaba na mesma encrucillada. Alí mesmo se facían nove cruces sobre as partes enfermas repetindo o seguinte ensalmo:

*Rosa, rosa  
viche-la luna?  
Luna, luna  
viche-la rosa?  
Muera la rosa  
viva la luna  
polo poder de Dios e da Virxe María  
un Padre Nuestro e un Ave María.*

Esto repetíase durante *nove días e un sen contar*.

Véxase pois aquí outra pervivencia do culto aos astros, neste caso a lúa, anterior ao cristianismo.

Outro xeito era colocar unha pola de acivro (*Ilex aquifolium*) ou de figueira (*Ficus carica*) na cabeceira da cama do enfermo durante *nove días e un sen contar*. A medida que seca a pola vaise curando a *rosa*. O mellor, xa máis dentro da tradición cristiá, era que a pola de acivro fose collida no camiño por onde pasaba a procesión, ou ben levar a pola de figueira ou acivro a abenzoar á igrexa durante tres días, ou ben un sábado, que equivalía a eses tres días. Logo levábase para a casa pasando antes por unha encrucillada onde se collían nove follas dese acivro ou figueira e tirábanse cara atrás sen mirar onde caían.

No caso dos animais o procedemento era moi similar, colocándose o acivro na corte das vacas ou dos cochos. A medida que ía secando curábase a enfermidade. De todos modos había que deixar alí a rama durante os *nove días e un sen contar*.

#### OUTRAS ENFERMIDADES PRODUCIDAS POLO SOL: CATARROS, GRIPES, INSOLAZÓN, DOR DE CABEZA,...

Se vimos que algunhas queimaduras e a *rosa* achacábanas os paisanos aos efectos do sol, tamén podía este producir dores de cabeza, gripes, roxeces na pel, etc..

O sol máis temido era o sol de inverno, xa que anda moi baixo. Por iso era convinte, como ben sabía o labrego, ir a traballar ás leiras pola fresca, evitando as horas do mediodía que era cando máis quentaba. Protexíase con vestidos longos que tapaban brazos e pernas. Na cabeza poñíase a boina e, as mulleres, o típico sombreiro de palla. Tamén era frecuente ver aos nosos paisanos co pano de peto atado á cabeza facéndolle un nó en cada esquina para evitar que caese.

Para as roxeces producidas polo sol había que dar fregas con un trapo mollado, xeralmente con viño clarete.

Para a dor de cabeza pelábase unha pataca e cortábase en rodaxas como para facer unha tortilla. Estas rodaxas poñíanse sobre a sen. Outras veces facíanse nove cruces na sen cunha pataca cortada e outras collíase un pano mollado, poñíanse uns cachos de pataca nel e envolvíase arredor da testa, pasado un tempo a pataca ía secando, tirábase e repetíase a operación con outra pataca. Ás veces o pano utilizábase do mesmo xeito pero mollado en vinagre. En vez de pano podía usarse papel de estraza.

Tamén se usaba a auga de determinadas fontes ou, cando a dor de cabeza era moi forte e repetitiva, podía ir a oír misa a determinadas igrexas, como por exemplo a de Santa Leocadia en Perillo (Oleiros). Alí está a Virxe da Cabeza, que cura os males da cabeza tanto de orde física como psicolóxica. En pago había que levarlle ofrenda de velas, cartos ou os típicos exvotos en forma de cabeza feitos de cera e que tiñan o tamaño da cabeza dun neno. Mercábanse no mesmo adro da igrexa ou nos postos que os días de romería (primeiro domingo de setembro) se poñían ao lado dela.

Tamén a *pedra da ara*, estudiada en capítulos anteriores, servía para este fin colocándoa sobre a cabeza.

Para o catarro e gripes usábase auga de determinadas fontes ou plantas en infusión, como o romeo (*Rosmarinus officinalis*) ou o ourego (*Origanum vulgare*), ou as típicas misturas aínda hoxe utilizadas como a auga quente con mel e limón, leite con coñac, etc., sendo quizais a máis tradicional a que misturaba viño quente con azúcre e graxa de porco. Isto tomábase na cama e tapábase ben ao enfermo, tendo coidado que non se destapase. Suábase a rego cheo e á mañá seguinte a gripe desaparecera.

Os bafos de eucalipto (*Eucalyptus globulus*) eran moi bos cando había moco. Para elo levábase a pota onde se fervían as follas de eucalipto para unha habitación pechada e



*Ortigas ou estrugas (urtica sp).*

colocábase a cabeza do enfermo sobre ela, poñendo unha toalla ou saba cubrindo cabeza e pota para que os bafos non se perdesen e entrasen na maior cantidade posíbel polo nariz e a boca. Mantíñase así ao enfermo durante 20 ou 30 minutos dúas ou tres veces ao día. Logo secábase a suor do peito cun trapo mollado e deitábase ao enfermo arroupandoo ben. A mellor pota era un pucheiro de barro, pois retiña máis a calor.

Tamén eran moi efectivas as fregas con estrugas (*Urtica sp*). Estas facíanse do seguinte xeito: dábanse ao enfermo fregas na espalda e no peito cun pano de felpa. Unha vez que o peito e a espalda entraban en calor, o coidador collía as estrugas cun guante polo rabo e coas follas volvíanselle a dar fregas ao enfermo, sempre de xeito circular. Este non sufría nengún picor xa que o corpo estaba preparado pola masaxe anterior. Logo tapábase ben na cama en comezaba a suar.

Finalmente era cousa moi corrente combater a insolazón cun vaso de auga no que ás veces se botaban sete grans de trigo. Era mellor utilizar un cacharro virxe, é dicir, sen estrear. Sentábase ao enfermo á sombra e, poñendo un pano na boca do vaso dábanse a volta, poñéndoo na cabeza do enfermo. Este tiña que quedarse quieto e, ao pouco tempo observábase que a auga empezaba a facer burbullas que subían dende a cabeza do enfermo até o cú do vaso. Interpretábase iso como que o sol saía da cabeza até a auga. Ao pouco tempo desaparecía a insolazón.


#### VERRUGAS

As verrugas son excrecencias na pel que se botan sobre todo na cara e nas mans, aínda que poden extenderse por todo o corpo. Poden ser de diversa forma, dende as chans da cor da pel, que se dan sobre todo nos nenos, pasando polas grises, secas, máis comúns, até as amarelas ou marróns, cheas de sebo, que aparecen na espalda, peito e cara dos vellos.

Según a tradición dánse, sobre todo no caso dos nenos, cando contan as estrelas do ceo. Por cada estrela que se conta nacerá unha verruga. Isto aínda é máis efectivo se co dedo se sinala unha estrela e logo se toca nunha parte da pel decindo:



*Celidonia (Chelidonium majus).*



*Pías.*

*Estreliña aquí,  
verruguña alí.*

e onde se toca nacerá unha verruga.

Os métodos de curación son moi variados, usábanse sobre todo aquelas plantas que ao curtalas soltan un líquido que aquí se coñece co nome de *leite*. Así, usábase o *leite* de figo. Collíase un figo verde e frotábase pola parte pola que se unía á pola, apertando un pouco comezaba a sair o leite.

Moi utilizado tamén era o *leite* de celidonia (*Chelidonium majus*), neste caso o talo producía un leite amarelo. A celidonia é unha planta moi abundante na nosa terra, que coloniza muros, valados e beiras dos camiños, perto sempre de onde hai actividade humana. Deixaba unha cor amarela sobre a pel moi difícil de sacar e bastante antiestética, pero sempre efectiva. Esta planta era boa tamén para curar outras enfermidades da pel como as *espullas*.

Tamén é bó frotalas con allo, cebola ou patacas crúas e cortadas.

Non podía faltar na curación desta enfermidade a auga. A mellor era a que se recollía nas pías, é dicir, nos buratos das pedras que se formaban pola erosión da choiva. Decían os vellos que nestas pías comían os mouros, eses seres imaxinarios que vivían debaixo da terra en castros, mámoas, ruínas antigas, etc... posuidores de grandes tesouros e con gran facilidade para aparecer ou desaparecer cando lles petase. Tamén era moi boa a auga que,

cando chovía moito, corría polos camiños abaixo facendo en determinados lugares remuíños con moita espuma. Utilizábase neste caso a auga e máis a espuma. Nunha tradición máis cristiá dicían que a mellor auga era a que se apozaba na porta da igrexa.

Tamén determinadas fontes eran boas para as verrugas. Había que, como en tantas enfermidades da pel, mollar un pano e frotalo sobre elas. Logo o pano deixábase ao lado da fonte, en calquera silveira ou prado. Algunhas podían ser pagás, como a da *Marisqueira* en Nós (Oleiros), e outras, xa cristianizadas, como a da Santiña ao lado da eirexa de Santa



María de Sarandós (Abegondo). Alí, como en tantas outras fontes ou pedras antigas e curativas, colocábase unha figura dun santo, neste caso a Virxe da Milagrosa, para que os poderes que anteriormente se atribuían a deuses antigos, se atribuísen agora ao Deus, virxes ou santos católicos. Cabe dicir que nestas fontes tamén se sanaban outras doenzas da pel.

Antes desta substitución cristiá temos outras moitas maneiras de curar as verrugas.

Cortando unha pataca crúa, pasala nove veces facendo cruces sobre ela, repetindo un ensalmo que veremos a continuación. A pataca deixase nun valado e, se seca e non a comen os ratos, a verruga sanará.

Outra forma pagá era recoller pedras pequeniñas nos camiños. Collíanse tantas como verrugas se tiña, xa que a cada unha das pedras correspondíalle unha verruga. Logo facíanse nove cruces sobre cada verruga con cadansúa pedra recitando o seguinte ensalmo:

*Son o fillo de Xan Verruguete,  
verrugas traio, verugas vendo  
deixoas quedar e voume correndo.*

logo tirábanse as pedras no forno encendido. Este ensalmo usábase para curar, sobre todo, as verrugas dos nenos, de ahí o seu carácter infantil.

Tamén se curaban collendo un pao de biouteiro (*Sambucus nigra*). Por cada verruga cortábaselle un cacho e, o que quedaba, tirábase nun sitio moi soleado (tellado, valado,...). Según o pao ía secando, a verruga ía curando. Con cada cacho tocábase a verruga e repetíase o ensalmo anterior.

Tamén era bo poñer unha rama de acivro na cabeceira da cama.

Os animais tamén podían axudar na curación. Así, era bó que as verrugas fosen picadas polas galiñas que tivesen pitos, ou senón, collendo un cacho de pan, cruzábase sobre a verruga e dáselle a un can decindo:



*Fonte da Santiña (Sarandós, Abegondo).*



*Xanela da capela de San Bieito.*



*Capela de San Bieito (Anceis, Cambre).*

*Toma can  
verrugas e pan.*

Volvemos de novo á tradición cristiá. Había santos especializados en curalas como San Amaro ou Santa Margarida. Pero o santo máis soado nesta zona era o San Bieito, sito na capela do mesmo nome en Mercurín (Anceis- Cambre).

A de Mercurín era boa tamén para curar bocio, papeiras, *lobiños* (bultos) e diversos males do gando. O xeito de curalas era pasar un pano polo corpo de San Benitiño, sobre todo nos días de romería (25 de Xullo, Bieito Grande e 11 de Xullo, Bieito Pequeno). Nestes dous días traíase da capela de San Xoan de Seoane en Sigrás outra talla de San Bieito que axudaba, por así dicilo, ao santo local. Coñecía-se este último santo co nome de San Bieito de Abaixo ou San Bieito de Lonxe. O pano, ás veces levábase para a casa para utilizalo cando fose necesario, e outras deixábase na capela debaixo das andas do santo. En pago pola curación ofrecíanse misas, cartos, polos, coellos, aceite, lingua de porco, velas, figuras de cera que podían representar a unha persoa ou a parte afectada polo mal. Anteriormente ofrecíase trigo ou millo. O aceite ou cera recibidos en donación utilizábanse nun principio para alumear esta igrexa, a de Anceis e a de Sigrás, máis tarde esta cera vendíase en Betanzos. Recibíase a cambio da esmola unha medalla e unha imaxe do santo. Era frecuente ver aos ofrecidos dando voltas á capela de xeonllos ou engruñados debaixo das andas do santo cando se levaba en procesión.

Outra forma de curalas era pasar o enfermo por unha xanela que hai no lateral da igrexa. A xanela é pequena polo que, xeralmente, os que pasaban eran nenos que tiñan que ser levantados por un familiar e recollidos por outro e había que pasalos tres veces.

Xente hai que di que a fonte de San Benitiño tamén cura as verrugas pasando o típico pano mollado pola parte afectada. Pero moitos outros din que esta auga xa non vale porque agora ven da traída.



*Biouteiro (Sambucus nigra).*

OUTRAS ENFERMIDADES DA PEL. DISIPELA OU HERPE, NEGRAS, FOGO SALVAXE.

A *disipela* ou *herpe* caracterízase pola aparición na pel de grans ou vexigas apiñadas que forman costras ou escamas. Estas vexigas rezumaban pus e producían comezón.

Para curalas son efectivas as herbas recollidas o día de San Xoan en número de nove e nas que non podían faltar o biouteiro, o acivro e a herba de Sta. María. Estas herbas había que collelas antes de raiar o sol e deixábanse xeralmente na fiestra ou na porta, tanto na da casa como na das cortes do gando, para que collesen o resío desa noite máxica. Así, axudaban a librar ás persoas e animais de envidias, mal de ollo, meigallos, etc.

Para curar o *herpe* metíanse en auga con sal nun cacharro virxe e rociábanse falcendo nove cruces sobre a parte afectada recitando o seguinte ensalmo:

*Disipela, cangarena,  
herpes, fervón e outros  
máis males que son  
dalles con auga con sal  
e con outras herbas máis  
con elas sanarás.  
polo poder de Dios e da Virxe María  
un Padre Nuestro e un Ave María.*

O *fervón* e a febre que produce unha quentura. Este remedio había que facelo durante nove días, aínda que se se facía en martes, venres ou domingo, valía cada un por tres días. Ao pasar os nove días o ramo de herbas botábase no lume.

Tamén se chamaba *disipela* ao mal do *fogo salvaxe*. Según nos dín transmitíase polos cochos ás persoas, producindo moitos grans que picaban terriblemente. Ao rascar, o corpo poñíase en carne viva. Abenzoábase cun cacho de unto de cocho manchado co



*Chantán menor (Plantago lanceolata).*

tizno da cheminea facendo as nove cruces de rigor e unha sen contar durante nove días e un sen contar. En vez de unto tiznado valía tamén un trapo tiznado. O ensalmo anterior tamén valía para esta enfermidade.

Outra enfermidade da pel era o *mal roxo*, que aparecía nos porcos. Este animal aparecía cheo de ronchas bermellas e, o que era peor, non comía, estaba sempre deitado e tiña febre. Ao porco fregábase estas ronchas ben con vinagre, ben con unha mistura de xabrón virxe e vinagre, ben con celidonia cocida ou con barro recén sacado da barreira. Este último remedio tamén se usaba cando os cochos estaban moito tempo ao sol. Alá pola segunda metade do século XIX, cando os albeites comezaban a usar xa certos produtos químicos, fregábanse cunha mistura de xofre e graxa de porco, ou senón con ácido soldar, que se lle botaba pola parte de abaixo do animal, dende a gorxa até o medio da barriga.

Finalmente, falaremos das *negras*,

unhas vexigas con moito pus que aparecían nas persoas e que tiñan como un punto negro no medio - o *mamilo*-, que penetraba profundamente na pel. Poñíanse nas espaldas, brazos, pernas, cú,... causando gran picor e dor, sobre todo se se poñían nas articulacións, resultando molesta a mesma roupa. Para curalas recorríase ás cataplasmas de liñaza ou ao chantán.

O chantán ou chantaxe é unha planta moi abundante nos nosos campos. O utilizado, xa que hai dúas especies, é o de folla alongada, é dicir, o chantaxe *menor (Plantago lanceolata)*. Había que pasar esta herba polo lume para desinfectala e, botándolle aceite en crú, poñíase directamente sobre a *negra*.

A cataplasma de liñaza é moi utilizada tamén noutras doenzas como chagas, úlceras, forúnculos,... Faise botando a fariña da semente do liño (*Linum sp*) en auga. Podía quencerse no lume movendo a mistura de liñaza e auga continuamente. Logo exténdese sobre un trapo e pódese cubrir cunha gasa moi delgada. Colócase sobre a parte afectada e pode recubrirse cun trapo para gardar a calor. Cando enfria volve a substituírse por outra cataplasma.

Ás veces o mesmo fume resultante de queimar as herbas de San Xoan axudaba a combater os grans que producían estas enfermidades.

O mexo dos nenos axudaba tamén a suavizar a pel.

SABAÑÓNS, ALMORRANAS, CURSO FÓRA,... O poder curativo dos marcos

Os sabañóns son durezas da pel que se dan sobre todo nas mans, pés e orellas producidos polo frío intenso. Comezan proendo e logo doen moito.

Os callos son tamén endurecementos da pel das mans e os pés, neste caso provocados polo roce continuado de aparellos de traballo, calzado,...

Ambas as dúas durezas eran ás veces estirpadas polo paisano cun simple coitelo ou navalla. Tamén se podían reblandecer mexando sobre elas, sendo o mellor mexo o dunha muller con regra. Había tamén fontes cuxa auga curaba estas durezas.

As almorras prodúcense por unha dilatación das veas do final do intestino. Poden ser internas ou externas. Nós atenderemos ás externas.

O curso fora dáse cando, sobre todo nos nenos, a parte final do intestino sae polo cú.

Estas doenzas teñen en común que podían ser curadas por unhas pedras moi determinadas: os *marcos*.

Os *marcos* son pedras chantadas no chan que sinalan o linde das herdades. Colócanse nas esquinas das leiras, montes, aldeas, parroquias, concellos, provincias,... para deslindalas. Entre dous *marcos* contiguos exténdese unha líña recta imaxinaria, «*Entre marco e marco non hai arco*» Estaba sinalado polos *testigos* -pedras máis pequenas que se enterraban ao seu lado-, que eran sempre un número impar, 3, 5 ou 7. Cada propietario de terras colindantes poñía un *testigo*, ademáis había que levar outras persoas tamén chamadas *testigos* que aseveraban que os lindes marcados eran os debidos. Os *marcos* eran intocabeis, aquel que movese un *marco* era tachado de ladrón e dicíase que se consumiría no inferno.

Para curar as enfermidades das que estamos a falar había que frotar a parte afectada sobre a pedra, se eran almorras había que baixar pantalóns e calzón, se callos nos pés, había que sacar zapatos e calcetíns.

Para curar o curso fóra collíase o neno por dúas persoas con nome sagrado (María, Pedro,...) e pasásabe sobre o marco *nove veces e unha polo demo* dicindo:

*Marco marqueiro  
recollelle o cú  
a este compañeiro.*

Nótese aquí outra vez un ensalmo de carácter infantil, xa que o que se ía curar era un neno.



*Marco da Fonte das Meigas ou da Fonte Salgueiras.*



*Marco do Canedo.*

Pero os *marcos* eran tamén efectivos contra outras enfermidades como a envexa, mal de ollo,... tanto nas persoas como no gando.

Ademáis, no gando, os marcos axudaban a curar a anemia, a non baixada do leite, os malos partos, etc....Nestes casos o procedemento era diferente. Había que ir ao *marco*, como sempre de noite e, con un marteliño, romper un cachiño de pedra. Logo na casa esmagábase facendo polviño e botábaselle ao animal na maseira para que o comese xunto coa encaldada. Outra forma era meter eses granciños de pedra nun saquiño e atalo nos cornos do animal. En todos os casos había que dar 7 ou 9 voltas arredor do *marco* en sinal de agradecemento. Isto é habitual na curación de moitas enfermidades, vimos xa que na toserina dábanselle voltas ao pino que nos suministraba as pinaretas para curala. Tamén vimos que en moitos ritos cristiáns danse voltas á igrexa ou á capela, ás veces de xeonllos. Hai que dicir que estas voltas teñen que ser sempre a favor do sol, é dicir, seguindo o movemento deste astro, xa que senón o enfermo empeoraba, pois en vez de adorar ao deus preceptivo estaríase adorando ao demo. Arredor do *marco* deixábanse como pago culleres, garfos, ferraduras, moedas,... sempre en número impar. Esta é outra característica propia da curación de moitas enfermidades, xa que aos curandeiros adoitaba regalárselles algo en agradecemento pola curación da enfermidade ou, na relixión cristiá, ofrécense, como vimos nas verrugas, diversas esmolos (diñeiro, cera, aceite, animais,...).

Os mellores *marcos*, din os paisanos, son aqueles que dividen catro herdades, formando así os límites da leira ou do monte unha cruz.

Son moitos os *marcos* curativos que hai na zona das mariñas coruñesas, pero nós só imos dar unha pequena mostra. En Sueiro aparece, por exemplo, o *marco* da *fonte das meigas* que separa Sueiro e Castelo (Culleredo), Tabeaio (Carral) e Anceis (Cambre). Este é un marco importante con forma fálica que delimita un campo de *mámoas*, o que parece darlle certo carácter de menhir. En Sueiro temos tamén, na zona chamada precisamente do marco, outro que separa Sueiro e Sésamo.

Entre Carral, Cerceda e Ordes tiñamos o *marco deitado*, chamado tamén *pedra da envexa* (usábase sobre todo para curar esa doenza). Este, ao quedar dentro da zona expropiada por «Lignitos de Meirama» foi destrozado colocándose no seu lugar unha pequena columna de cemento.

Entre Carral e Ordes temos o *marco do Canedo*, situado nos límites de Ordes Sumio e Veira.

O *marco da egoa*, dentro de Carral, separa Sumio e Veira.

Nos límites de Tabeaio e Culleredo atopamos, ademáis do da *fonte das meigas*, unha sucesión de *marcos* curativos como o da *fonte de Nilles*, o da *fonte das Barrosas*, o de *Vilamouro* e o de *Brexá*. Estes era límites das provincias de A Coruña e Betanzos en época do Antigo Reino de Galicia.

Finalmente atopamos outro en Quembre, nuns prados debaixo da igrexa.

Os *marcos* son pedras e estas, igual que outros elementos da natureza (auga, lume, plantas, animais,...) considerábanse antes do cristianismo como parte ou mourada de deuses anteriores. Se nas augas, por exemplo, admiraba o paisano o seu eterno manar, nas pedras importáballe a permanencia invariábel ao longo do tempo. Esta relixión anterga que nos era propia era de tipo animista-panteísta, é dicir, todo ser natural estaba dotado de ánima e formaba parte da divindade, de ahí os seus poderes.

## ALDROPIÁ OU HIDROPIA OU CAIDA DE VENTRE

Pódese dar en persoas e animais. Nas persoas é producida por unha acumulación anormal de auga e sais en certos tecidos do corpo, sobre todo no ventre, aínda que tamén podía darse nos nocellos, pulso, brazos e colo. Iso producía un aumento de volume na parte afectada e a pel desa zona poñíase brillante e moi pálida. Ía acompañada de doenzas renais, do fígado ou cardíacas.

Para curala había que ir pola noite a unha encrucillada a coller dous terróns. Os mellores terróns eran aqueles que se producían nos montóns de terra deixados polas toupas ao facer as súas galerías. Había que ter conta de que non os picaran as galiñas. Levados para a casa, facíase unha cruz con sal en cada terrón e poñíanse debaixo dos pés do enfermo arredondeándoos cun coitelo para que tomasen a forma de cada pé. Repetíase sete veces un ensalmo do que só puidemos recuperar o primeiro verso :

*Cortato, tallote, matote*

e o típico final de:

*polo poder de Dios e da Virxe María  
un Padre Nuestro e un Ave María.*

O enfermo tiña que seguir unha dieta os vinteún días que duraba a curación, non podendo comer carne de porco, pero si de vaca ou de galiña. Ademáis podía tomar sopas de leite ou de manteiga de vaca. Prohibido era tamén tomar sal. Tiña que tomar ademáis un litro de viño branco ao día repartido en varias tomas. Axudaba tamén facer infusións de dente de león (*Taraxacum officinale*). Os nove primeiros días non podía traballar, lavarse, mollarse ou andar ao frío. Tamén era bó mexar sobre o romeo para que a enfermidade fose desaparecendo.

En canto aos animais, tamén producía aumento do volumen abdominal, ademáis de tumores nos pés, coxas ou escroto e podía afectar a calqueira tipo de gando. Ás veces era producido por unha alimentación non axeitada. Para curalo recorríase aos ritos dos terróns mencionados anteriormente, pero aquí usábanse catro terróns e a administración de purgantes e de coceduras de certas plantas como a raíz de pirixel (*Petroselinum hortense*) ou o apio (*Apium graveolens*). Xa en tempos máis modernos, alá polo 1900, os albeites collían na farmacia 50 cc. de esencia de trementina e 25 cl. de mezclilla e dábanlle fregas por todo o lombo.



*Dente de león (Taraxacum officinale)*



*Florinda Suárez e Benedicta Loureiro.*

#### O SONO CAMBIADO NOS NENOS.

Cando o neno tiña o sono cambiado ou non podía durmir usábase o seguinte procedemento: envolvíase nunha manta e deitábase na eira tapado cun paxe posto ao revés. Logo cando as ovellas que houbera na propiedade ían para o pasto facíanse pasar por riba do paxe mentres se rezaba:

*Ovella que vas ao monte  
levalle o sono a esta criatura  
de polo día  
e traello pola noite.*

Deste xeito conseguíase que o *Pedro Chosco*, nome que por esta zona se lle daba ao sono, chegara cando tiña que chegar. O *Pedro Chosco*, según nos dín, é un personaxe pequeno que se sentaba sobre as pálpebras dos nenos facendo que pechasen os ollíños.

\*\*\*

#### AGRADECIMENTOS

Aínda que a nosa intención é seguir escribindo outros artigos sobre a forma de curar as enfermidades tradicionais, non podo menos que agradecer, dentro do cento de persoas consultadas, a colaboración das seguintes: José Pedreira Sánchez, dos Castros (A Coruña), Xabier Licesio Iglesias, de Pravio (Cambre), Luis Fuentes de Cambre, Adolfo Gómez de Sergude (Carral), Pepe Insua de Gosende (Tabeaio), que recolleu os saberes do seu avó, Santiago Insua, albeite desta zona, Xosé Luis Liñares Barbeito de Cerceda, cuxa avoa, Asunción Feito Villamizar era coñecedora de moitos remedios.

Mención moi especial para Benedicta Loureiro Bermúdez, mestra da práctica e da teoría, e a súa filla Florinda Suárez, mestra da teoría, así como seu fillo Manolo Suárez, coñecedores de infinidade de remedios antigos, todos eles de Vilaverde (Castelo- Culleredo). Na parte técnica, Iria Vilar e Teresa San José, de Os Castros (A Coruña), axudáronme nas correccións do galego e na loita contra esa máquina infernal chamada ordenador.